



Resolución do 31 de maio de 2024, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se convoca a provisión en comisión de servizo de postos de traballo entre persoal funcionario dos corpos e escalas ao servizo da Administración de xustiza

A Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial (LOPX), regula no seu artigo 527.1º a provisión temporal de postos vacantes mediante a comisión de servizos entremetres non resulte posible a súa provisión definitiva mediante concurso de traslados.

O Real decreto 1451/2005, do 7 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario ao servizo da Administración de Xustiza, ditado en desenvolvemento do previsto na lei orgánica do poder xudicial, regula no seu artigo 73 as comisións de servizo.

Así mesmo, e no exercicio das súas competencias, por parte da comunidade autónoma de Galicia ditouse a Resolución do 21 de marzo de 2022, da Dirección Xeral de xustiza, pola que se establecen criterios para a cobertura de postos de traballo mediante comisión de servizos no ámbito da Administración de xustiza na Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 2 da dita resolución establece: "Sen prexuízo da posibilidade de nomeamento de persoal interino por razóns de urxencia ou necesidade, que terá carácter excepcional, cando un posto de traballo quede vacante, e non estea xa provisto, poderá ser cuberto mediante o outorgamento dunha comisión de servizos por persoal funcionario de carreira que reúna os requisitos establecidos no artigo 4 desta norma. Subsidiariamente, de non haber solicitantes ou non reunir estes os requisitos esixidos, o posto poderá ser cuberto por substitución."

Producida ou próxima a producirse a vacante, e apreciada a necesidade e idoneidade da cobertura mediante comisión de servizos, procede anunciar a convocatoria para a súa provisión de acordo co previsto no artigo 5 da Resolución do 21 de marzo de 2022, da Dirección Xeral de xustiza, pola que se establecen criterios para a cobertura de postos de traballo mediante comisión de servizos no ámbito da Administración de xustiza na Comunidade Autónoma de Galicia.





BASES DA CONVOCATORIA

Primeira. *Solicitantes*

Poderá participar o persoal funcionario de carreira con destino definitivo en calquera ámbito territorial e que se atope en servizo activo no mesmo corpo do posto que se pretende prover.

O persoal funcionario que á data da publicación desta convocatoria estea desempeñando un posto en comisión de servizos, poderá participar na convocatoria sempre que leven máis de seis meses na comisión de servizos respectiva.–

Segunda. *Postos de traballo ofertados*

Os relacionados no Anexo I, coa indicación da causa da desocupación.

Terceira. Prazo e modo de presentación das *solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será de cinco (5) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria na intranet de xustiza (<http://intranet.xustiza.gal>) e mais na web da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (<https://cpapx.xunta.gal/comisions-de-servizo>).

Todas as persoas solicitantes deberán completar obrigatoriamente a súa solicitude a través do formulario electrónico dispoñible na Oficina Virtual do Persoal da Administración de Xustiza (OPAX), no sitio web <http://opax.xunta.es> de conformidade co artigo 6 da Resolución do 21 de marzo de 2022.

Cuarta. *Informe*

Para cumprir co previsto no artigo 73 do Real decreto 1451/2005, do 7 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario ao servizo da Administración de Xustiza, as solicitudes irán acompañadas co informe, preceptivo e non vinculante, da persoa responsable do órgano, servizo ou unidade no que se atope destinado o persoal funcionario solicitante. No caso de que o órgano correspondente non emita informe, deberá acreditar que o solicitou.

Ademais, para o caso de que o destino da persoa solicitante radique fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, esta deberá presentar, xunto coa solicitude, o





informe favorable do Ministerio de Xustiza ou órgano competente da comunidade autónoma respectiva. De non ser posible, deberá presentar acreditación de que efectivamente o solicitou.

Quinta. *Recursos*

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición ante o director xeral de Xustiza no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente no prazo de dous meses. Ambos os dous prazos se contarán a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución na intranet de xustiza (<http://intranet.xustiza.gal>) e mais na web da e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (<https://cpapx.xunta.gal/comisions-de-servizo>).

O director xeral de Xustiza

José Tronchoni Albert

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE





ANEXO I

Postos ofertados

Xefe/a de sección área de patoloxía forense
--

1. Características do posto:

Posto: XG9251820015001311.04

Centro Xestor: Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Centro de destino: Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA). Subdirección Territorial da Coruña

Forma de provisión: Concurso específico de méritos.

2. Funcións

As funcións que corresponde exercer no posto de traballo obxecto desta convocatoria son as dispostas nos artigos 15 e 16 do Decreto 119/2005, do 6 de maio, polo que se crea o Instituto de Medicina Legal de Galicia (DOG do 18 de maio de 2005).

3. Requisitos de participación

Corpo: Médico Forense.

Situación Administrativa: en activo.

Experiencia profesional: 5 anos como médico forense.

4. Formación específica

Coñecementos e experiencia en patoloxía forense.

Coñecementos de informática: sistemas operativos, tratamentos de texto, folla de cálculo, base de datos, internet e correo electrónico.

5. Criterios de adxudicación

Primeira fase: valoración de méritos xerais, cun máximo de 72 puntos

1. *Antigüidade*. Cun máximo de 45 puntos, á razón de 2 puntos por cada ano completo de servizos. Os períodos inferiores ao ano computaranse proporcionalmente á razón de 0,0055 puntos por día, establecéndose os meses como de trinta días.





2. *Coñecementos da lingua galega.* Cun máximo de 12 puntos, a acreditación de coñecementos da lingua galega mediante os certificados de aptitude emitidos pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia ou a Dirección Xeral de Xustiza, ou certificados ou diplomas equiparados segundo a normativa vixente, valorarase, segundo o nivel acadado, consonte unha das seguintes alíneas:

- a) Celga 4 ou equivalente: 4 puntos.
- b) Curso medio de linguaxe xurídica galega: 8 puntos.
- c) Curso superior de linguaxe xurídica galega: 12 puntos.

3. *Actividades docentes, publicacións, comunicacións e asistencia a congresos.* Cun máximo de 15 puntos, e segundo os criterios seguintes:

a) Por actividades docentes relacionadas coa medicina legal: ata 5 puntos, á razón de 0,2 puntos por cada dez horas de impartición en calquera organismo docente, público ou privado, oficialmente recoñecido ou homologado, así como en centros oficiais de formación de funcionarios.

b) Por publicacións e comunicacións relacionadas coa medicina legal: ata 8 puntos.

Por comunicacións en congresos nacionais: ata 0,2 puntos por cada unha.

Por comunicacións en congresos internacionais: ata 0,4 puntos por cada unha.

Por relatorios en congresos nacionais: ata 0,6 puntos por cada un.

Por relatorios en congresos internacionais: ata 0,8 puntos por cada un.

Por publicacións en revistas nacionais: ata 1 punto por cada unha.

Por publicacións en revistas internacionais: ata 1,2 puntos por cada unha.

Por participación en libros e monografías: ata 1,4 puntos por cada unha.

Para puntuar cada actividade terase en conta o grao de participación do candidato/a na elaboración das comunicacións, estudos ou publicacións.

c) Por asistencia a congresos e xornadas sobre medicina legal: ata 2 puntos, á razón de 0,1 puntos por cada congreso nacional ou xornada. En todo caso, só se valorarán os cursos, congresos e xornadas que foran organizados por colexios profesionais, asociacións profesionais de médicos forenses, universidades ou centros oficiais de formación ou homologados por estes.

d) Valoración da memoria: ata 0,2 puntos. A memoria debe estar asinada e de extensión non superior aos 10 folios, na cal a persoa candidata realice unha análise das tarefas do posto solicitado e das condicións e medios necesarios para o seu desempeño, suscite propostas de mellora no desenvolvemento das funcións e faga





constar todas aquelas outras cuestións que considere de interese ou importancia, con base na descrición das funcións do posto.

Segunda fase: valoración de méritos específicos, cun máximo de 43 puntos

A. *Experiencia profesional*. Cun máximo de 10 puntos, valorándose para o efecto:

Desempeñar nos institutos de medicina legal o posto de xefe/a de sección na área de patoloxía forense: ata 10 puntos, valorándose ata 2 puntos por ano.

B. *Titulacións académicas*. Cun máximo de 20 puntos, valorándose para o efecto:

1. A posesión do título de especialista en medicina legal e forense, expedido ou homologado polo ministerio competente en materia de educación: ata 10 puntos.

2. A posesión do título de médico especialista en anatomía patolóxica ou do título de médico especialista en antropoloxía forense, expedidos ou homologados polo ministerio competente en materia de educación: ata 7 puntos.

3. A posesión do título de médico especialista en medicina interna, expedido ou homologado polo ministerio competente en materia de educación: ata 5 puntos.

4. A posesión do título de médico especialista en especialidade diferente ás comprendidas nos apartados anteriores, expedido ou homologado polo ministerio competente en materia de educación: ata 3 puntos.

5. A posesión dun título ou diploma universitario de máster en anatomía patolóxica: ata 4 puntos. Para estes efectos só se valorarán os estudos de posgrao realizados en calquera universidade española, cunha duración mínima de 50 créditos entre teóricos e prácticos e cunha duración lectiva de polo menos un curso académico.

6. Doutoramento con premio extraordinario: ata 10 puntos.

Doutoramento con sobresaínte: ata 7 puntos.

Doutoramento con outras puntuacións: ata 3 puntos.

C. *Coñecementos, formación profesional e investigación*. Cun máximo de 10 puntos, en función dos méritos seguintes:

1. Por formación na área de patoloxía forense: ata 10 puntos, á razón de ata 0,4 puntos por cada dez horas. Só se valorarán os méritos deste apartado se son froito de actividades convocadas e organizadas pola universidade, institutos ou escolas oficiais, Centro de Estudos Xurídicos do Ministerio de Xustiza, Dirección Xeral de Xustiza ou Escola Galega de Administración Pública, e cando foran homologados por unha Administración pública, excluíndose a formación recibida para obter as titulacións académicas comprendidas no apartado B anterior.





2. Por formación específica noutras áreas da medicina forense ou en materias ou disciplinas médicas que garden relación co posto solicitado: ata 5 puntos, á razón de ata 0,2 puntos por cada dez horas. Só se valorarán os méritos deste apartado se son froito de actividades convocadas e organizadas pola universidade, institutos ou escolas oficiais, Centro de Estudos Xurídicos do Ministerio de Xustiza, Dirección Xeral de Xustiza ou Escola Galega de Administración Pública, e cando foran homologados por unha Administración pública, excluíndose a formación recibida para obter as titulacións académicas comprendidas no apartado B anterior.

3. Por bolsas e participación en proxectos de investigación oficiais en materias relacionadas co posto solicitado: ata 5 puntos, sempre que estas actividades non fosen valoradas na primeira fase (méritos xerais).

D. *Coñecementos de informática e técnicas audiovisuais.* Cun máximo de 3 puntos, valorándose para o efecto:

Os cursos de formación informática (sistemas operativos, tratamento de textos, tratamento de imaxes, folla de cálculo, bases de datos, Internet e correo electrónico), así como cursos de fotografía e métodos de reprodución, convocados e organizados pola universidade, institutos ou escolas oficiais, Centro de Estudos Xurídicos do Ministerio de Xustiza, Dirección Xeral de Xustiza ou Escola Galega de Administración Pública, así como os convocados polas organizacións sindicais, cando foran homologados por unha Administración pública: ata 3 puntos, á razón de 0,1 puntos por cada dez horas de formación recibida.





Subdirector/a na Subdirección Territorial de Lugo

1. Características do posto:

Código do posto: XG9251820027001306.02

Centro Xestor: Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Centro de destino: Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA). Subdirección Territorial de LUGO.

Forma de provisión: Libre designación.

2. Funcións

As función que corresponde exercer no posto de traballo obxecto desta convocatoria son as dispostas no artigo 14º do Decreto 119/2005, do 6 de maio, polo que se crea o Instituto de Medicina Legal de Galicia (DOG do 18 de maio de 2005).

3. Requisitos de participación

Corpo: Médico Forense.

Situación Administrativa: en activo.

Experiencia profesional: 5 anos como médico forense.

4. Formación específica

Coñecementos específicos e experiencia nas áreas de actuación propias da medicina forense.

Coñecementos en materia de organización do traballo e xestión do persoal.

Formación en técnicas de comunicación e atención ao público.

5. Criterios de adxudicación

Xuntarase coa instancia unha memoria asinada en que, nunha extensión non superior aos 10 folios, a persoa candidata realizará unha análise das tarefas do posto solicitado e das condicións e medios necesarios para o seu desempeño, facendo constar, así mesmo, propostas de mellora no desenvolvemento das funcións e todas aquelas outras cuestións que o aspirante considere de interese ou importancia, con base na descrición das funcións do posto.

